



Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico
Deputación Provincial de Ourense

Referencia:	2022/9059F
Procedemento::	Expedientes de concesión de subvenciones por concurso
Interesado:	ESTABLECIMIENTOS ASOCIADOS (EMPRESARIOS RIBEIRO) , ASOC. "CARBALLIÑO-CENTRO COMERCIAL ABERTO" , ASOCIACION EMPRESARIAL DE VALDEORRAS , ASOCIACION CENTRO COMERCIAL ABERTO O BARCO , ASOC DE EMPRESAS E COMERCIOS PRO LIMIA
Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (IN-7938)	

Resolución da Presidencia do Inorde pola que se comunica os interesados e se publica na web do Inorde a proposta provisional de resolución da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense durante o ano 2022, e se concede trámite de audiencia por un período de dez (10) días hábiles, a contar dende a última data sexa a de notificación ou da publicación.

A Comisión de Valoración da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense durante o ano 2022, cuxas bases e convocatoria foron publicadas no BOP de Ourense número 147, do 29 de xuño de 2022, acadou emitir, en sesión celebrada o día 31 de agosto de 2022, proposta de resolución de dito concurso, recollida na acta da mesma asinada polos seus membros.

De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións desta Deputación Provincial e coa cláusula sétima, parágrafos 2 e 5, das Bases Reguladoras do concurso, procede a notificación electrónica os concellos solicitantes e a publicación na páxina web do Inorde, <http://www.inorde.com>, de dita proposta de resolución, que figura como anexo a esta resolución, concedéndose un trámite de audiencia por un período de dez (10) días hábiles, a contar dende a última data sexa a de notificación ou da publicación, para que os interesados presenten as alegacións que estimen oportunas fronte á proposta provisional.

ANEXO

Proposta de resolución provisional da Comisión de Valoración da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense durante o ano 2022.

O obxecto da reunión é proceder a formular proposta provisional de admisión ou non admisión de solicitudes e de valoración das solicitudes admitidas, que será sometida a trámite de audiencia.

Os antecedentes do asunto a tratar figuran no expediente que se está a tramitar.

O informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes, emitido polos servicios técnicos do INORDE, de data 9 de agosto 2022, ten o seguinte contido:

1. ANTECEDENTES.-

A Comisión Executiva do Inorde, na sesión que tivo lugar o día 22 de xuño de 2022, aprobou as bases de tramitación e concesión, polo Inorde, mediante convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense durante o ano 2022 e a súa convocatoria.

A convocatoria e as bases das subvencións foron comunicadas a Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS), publicadas na páxina web do Inorde (<http://www.inorde.com>) e no BOP da provincia de Ourense número 147, de data 29 de xuño de 2022, boletín no que tamén se publicou o extracto da convocatoria e das bases con indicación da referencia da BDNS.

O prazo de presentación de solicitudes finalizou o venres 29 de xullo de 2022.

Conforme o artigo 7 apartado 4 da Ordenanza Xeral da Deputación Provincial de Ourense, aplicable as subvencións convocadas e tramitadas polo Inorde da cordo co seu artigo 1, a instrución do procedemento comprenderá a comprobación de que as solicitudes presentadas cumpran cos requisitos esixidos para ser admitidas a trámite na convocatoria, así como a realización do trámite de emenda de deficiencias, e que dita

instrución rematará cun informe do xefe da unidade administrativa, no que se propondrá a admisión ou inadmisión a trámite das solicitudes, segundo proceda.

A cláusula sétima, nos seus parágrafos 2 e 4, das Bases do Concurso establece que, rematado o prazo de presentación de solicitudes, a instrución do expediente e a comprobación da corrección da documentación administrativa será realizada polos servizos do Inorde, que emitirán informe con proposta de admisión e non admisión de solicitudes.

2.- SOLICITUDES PRESENTADAS.-

A convocatoria publica presentáronse, dentro do prazo establecido, as seguintes cinco (5) solicitudes:

ASOCIACIÓN	ACCIÓN
<i>Asociación Establecementos Asociados Ribeiro</i>	<i>Campaña de Nadal 2022</i>
<i>Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto</i>	<i>Somos Do Carballiño</i>
<i>Asociación Empresarial de Valdeorras</i>	<i>Edición tarxetas regalo</i>
<i>Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco</i>	<i>Elixo O Barco</i>
<i>Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA</i>	<i>Feira do Comercio PROLIMIA</i>

Todas as solicitudes presentadas teñen por obxecto a realización de accións de dinamización e promoción do comercio local no seu ámbito local. Algunhas das solicitudes foron presentadas por asociacións empresariais locais e comarcais que están integradas, ademais de por comerciantes, por outros empresarios e profesionais, que non son asociacións sectoriais nin centros comerciais abertos.

Sobre a compatibilidade desta subvención con outras axudas e subvencións públicas rexe o establecido na cláusula décimo sexta das Bases da convocatoria, sen perxucio do que resulta das declaracións neste senso presentadas coas solicitudes.

3.- PROPOSTA DE ADMISIÓN E NON ADMISIÓN DE SOLICITUDES.

*Instruído o expediente e comprobada que a documentación administrativa achegada coas solicitudes e a exixida nas Bases da convocatoria, sen perxucio do sinalado sobre o ámbito das asociacións, **PROPONSE a admisión a trámite das seguintes solicitudes:***

<i>ASOCIACIÓN</i>	<i>ACCIÓN</i>
<i>Asociación Establecementos Asociados Ribeiro</i>	<i>Campaña de Nadal 2022</i>
<i>Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto</i>	<i>Somos Do Carballiño</i>
<i>Asociación Empresarial de Valdeorras</i>	<i>Edición tarxetas regalo</i>
<i>Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco</i>	<i>Elixo O Barco</i>
<i>Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA</i>	<i>Feira do Comercio PROLIMIA</i>

Visto o informe transcrito e a documentación aportada polas solicitantes, a Comisión de Valoración, por unanimidade, acorda considerar que todas as asociacións solicitantes da subvención integran a comerciantes e as accións que pretenden levar a cabo teñen por obxecto a dinamización e promoción do comercio local no seu ámbito local, polo que compren a condición de beneficiarios da subvención da convocatoria.

Dacordo coa consideración anterior, **a Comisión acorda, por unanimidade, admitir a trámite as seguintes solicitudes:**

<i>ASOCIACIÓN</i>	<i>ACCIÓN</i>
<i>Asociación Establecementos Asociados Ribeiro</i>	<i>Campaña de Nadal 2022</i>
<i>Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto</i>	<i>Somos Do Carballiño</i>
<i>Asociación Empresarial de Valdeorras</i>	<i>Edición tarxetas regalo</i>
<i>Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco</i>	<i>Elixo O Barco</i>
<i>Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA</i>	<i>Feira do Comercio PROLIMIA</i>

A Comisión de Valoración procede a continuación a valorar as accións das solicitudes admitidas a trámite, conforme os criterios establecidos na cláusula novena das Bases da convocatoria:

Novena.- Criterios para a concesión de subvencións.

1. Para a concesión das subvencións, así como para a fixación da súa contía, a Comisión de Valoración terá en conta os seguintes criterios:

a) Esfuerzo de autofinanciamento realizado polo solicitante: asignándose 15 puntos a asociación que aporte maior autofinanciamento o seu proxecto, e puntuarase o resto en proporción directa.

b) Número total de socios da asociación, asignándose 30 puntos a asociación cun maior número de socios e puntuarase o resto en proporción directa.

c) Que a asociación teña páxina web na que publique e difunda as súas actividades e propostas: 15 puntos.

d) Que a asociación teña contas en redes sociais, ata un máximo de 10 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Só nunha rede: 5 puntos.

- En dous ou máis redes: 10 puntos

e) Calidade da memoria do proxecto. Este criterio valorarase ata un máximo total de 30 puntos, desagregado do seguinte modo:

- Alcance do proxecto, medido en número de socios e público potencial, ata 10 puntos.

- Plan de comunicación do proxecto, ata 10 puntos.

- Sostenibilidade e participación na economía circular das accións do proxecto, ata 10 puntos.

2. Os criterios sinalado nos apartados a), b), c), d), conforme co establecido no artigo 7.3.d) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, aplicarase mediante o emprego de fórmulas obxectivas de carácter automático. O criterio sinalado no apartado e) responderá a un xuízo de valor motivado da comisión. O emprego deste criterio considérase xustificado, co fin de poder valorar elementos

cuantitativos das actividades obxecto de subvención, de imposible valoración obxectiva dada a súa peculiar índole.

3. O valor económico do punto resultará de dividir o importe total do crédito orzamentario destinado á convocatoria entre o número total de puntos sumados polas solicitudes.

A subvención que corresponda a cada proxecto solicitado determinarase multiplicando a puntuación obtida polo valor económico do punto, tendo en conta que ningunha entidade poderá recibir subvención por importe superior á contía solicitada ou ao importe total do seu orzamento de gasto, e con respecto aos límites establecidos na base cuarta.

Os remanentes que se produzan como consecuencia da aplicación das regras anteriores repartiranse entre o resto de solicitudes, aplicando entre elas os criterios recollidos no apartado 1.

4. A Comisión de Valoración, en atención ao número de proxectos solicitados, poderá establecer a necesidade de obter unha puntuación mínima para a concesión de subvencións naqueles supostos nos que a aplicación da fórmula establecida no apartado anterior sobre o total de solicitudes teña como consecuencia o outorgamento de subvencións de moi escasa contía. Nestes casos, para a aplicación da fórmula establecida no apartado 3, só se terán en conta as solicitudes cuxa puntuación iguale ou supere o limiar mínimo de puntuación establecido pola comisión. Os proxectos que obteñan unha puntuación inferior á mínima establecida pola comisión incluíranse na lista de reserva prevista na base décima.

5. A Comisión de Valoración puntuará as solicitudes formuladas conforme cos criterios sinalados, e propondrá o outorgamento das subvencións polos importes resultantes e por rigorosa orde de puntuación, ata esgotar o crédito dispoñible.

En aplicación dos criterios fixados nas Bases da convocatoria, a **Comisión** **acorda valorar as solicitudes presentadas e admitidas a trámite**, outorgando, as seguintes puntuacións:

1. Esfuerzo de autofinanciamento:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: (15%) -11,11 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: (20%) – 14,81 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: (20,25%) – 15 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: (20%) – 14,81 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA. A pesares de solicitar a subvención do 100% da orzamento do seu proxecto, considerase que o esforzo de autofinanciamento é do 20% tendo en conta que o porcentaxe máximo desta subvención e do 80%: (20%) – 14,81 puntos

2. Número total de socios:

A Comisión de Valoración considera que, para as asociacións que non sexan só de comerciantes ou centros comerciais abertos, se considere como número de socios só os que exerzan o comercio, segundo as certificacións aportadas por cada unha delas:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: (75) –19,91 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: (84) –22,30 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: (113) – 30 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: (103) –27,35 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: (93) –24,69 puntos

3. Páxina web:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: (si) – 15 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: (si) – 15 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: (si) – 15 puntos

- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: (si) – 15 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: (no) – 0 puntos

4. Redes sociais:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: (2 ou máis) – 10 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: (2 ou máis) – 10 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: (2 ou máis) – 10 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: (2 ou máis) – 10 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: (2 ou máis) – 10 puntos

5. Calidade da memoria:

a) Alcance do proxecto:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: 10 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: 10 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: 10 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: 10 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: 10 puntos

b) Plan de comunicación:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: 10 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: 10 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: 10 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: 10 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: 10 puntos

c) Sustentabilidade e participación na economía circular:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: 10 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: 10 puntos

- Asociación Empresarial de Valdeorras: 10 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: 10 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: 10 puntos

Total de puntos calidade da memoria:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: 30 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: 30 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: 30 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: 30 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: 30 puntos

Total puntos das solicitudes:

- Asociación Establecementos Asociados Ribeiro: 86,02 puntos
- Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto: 92,11 puntos
- Asociación Empresarial de Valdeorras: 100,00 puntos
- Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco: 97,16 puntos
- Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA: 79,50 puntos

Valor económico do punto: 109,94.

En virtude de canto antecede, a **Comisión de Valoración**, por unanimidade, acorda emitir **proposta de resolución provisional** da convocatoria pública, a través do procedemento de concorrencia competitiva, de subvencións para o financiamento de accións de dinamización e promoción do comercio local realizadas por asociacións de comerciantes da provincia de Ourense durante o ano 2022 co seguinte contido:

1º) Admitir a trámite as seguintes solicitudes:

ASOCIACIÓN	ACCIÓN
Asociación Establecementos Asociados Ribeiro	Campaña de Nadal 2022
Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto	Somos Do Carballiño
Asociación Empresarial de Valdeorras	Edición tarxetas regalo
Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco	Elixo O Barco
Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA	Feira do Comercio PROLIMIA

2º) Conceder as subvencións, conforme á valoración efectuada e aplicando o modo de cálculo establecido na cláusula novena das Bases da convocatoria, polos importes que se indican, as solicitudes seguintes:

ASOCIACIÓN	PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA (EUROS)
Asociación Establecementos Asociados Ribeiro	Campaña de Nadal 2022	6.000,00
Asociación Carballiño Centro Comercial Aberto	Somos do Carballiño	5.313,92
Asociación Empresarial de Valdeorras	Edición Tarxetas Regalo	4.921,00
Asociación Comerciantes, Empresarios, Profesionais e Autónomos Centro Comercial Aberto O Barco	Elixo O Barco	10.681,85
Asociación de Empresas e Comercios PROLIMIA	Feira do Comercio PROLIMIA	6.400,00